

# ◉ teimudo traballo das publicacións locais

Lola Varela


Entre o remate do verán e a chegada do outono adoitan saír á luz as publicacións locais da nosa cidade, as revistas da Asociación de veciños e veciñas de San Roque, a da Asociación socio-cultural de Lérez “Cedofeita” e “Nodales” do Gremio de Mareantes, esta última cada dous anos, nos anos impares.

Son estas revistas como pequenas enciclopedias de Pontevedra (cidade onde nacín e na que comparto familia, vivencias e amizades), con moita información interesante, curiosa e moi novidosa en ocasións, ademais de aportar textos escritos por persoas que aman e coñecen ben o que din. Para min, estes últimos meses de lectura sosegada das citadas revistas foron moi enriquecedores polas diferentes achegas das que darei conta, brevemente, nestas liñas.

A revista de San Roque, “Cedofeita” e “Nodales” van dirixidas a públicos bastante diferentes, conseguindo deste xeito unha poliédrica visión da cidade e das súas xentes. Se “Cedofeita” ten os pes no rural, aínda que con mestura da vila, a revista de San Roque e “Nodales” son totalmente urbanas pero mentres a primeira recolle o sentir da veciñanza máis humilde e traballadora, a segunda reflicte a historia e as vivencias de xente máis “principal”. O barrio de Lérez mira para o interior, para a terra, e sen embargo San Roque, A Moureira e As Corbaceiras son o mar. No emprego do idioma observamos tamén diferenzas, así “Cedofeita” está escrita totalmente en galego, a de San Roque tenta un equilibrio entre ambos idiomas e na revista do Gremio de Mareantes o castelán é a lingua dominante. Esta asociación, a entidade viva máis antiga da cidade e o gremio de mar máis antigo de España, ten as súas raíces na Idade Media, máis de 800 anos de historia. O desenvolvemento das actividades do mar e da pesca así como do barrio da Moureira foron os seus obxectivos durante séculos e ao Gremio de Mareantes debemos a construción da basílica de Santa María e da ponte da Barca.

Desde 1953 o Gremio publica a revista “Nodales”, van xa 69 anos e sairá no vindeiro 2023. No seu último número, inclúe traballos ben interesantes, como o de David Rodríguez, unha reivindicación da importancia dos irmáns Bartolomé e Gonzalo García de Nodal (S XVII) e os seus importantes descubrimentos en América do Sur. Lémbranos a existencia da corbeta “Los Nodales”,


construída na nosa beiramar no 1861, que despois de varias singraduras internacionais foi mercada por unha compañía mercantil norueguesa e de como permanecen nos depósitos do Museo Provincial de Pontevedra os retratos de ambos irmáns realizados ao óleo por Julio García Condoy para as Salas Navais do Museo. José Moreira, relátanos as peripecias na cidade diante dun posible caso de catalepsia no S XVII, acontecido a unha moza, da que non se da o nome, criada dunha casa principal, que finalmente foi soterrada no cemiterio de San Bartolomé O Vello, despois de pasar varios días en observación no Hospital de San Juan de Dios, mesmo onde estableceu a miña familia a fins do S XIX a Ferretería Varela. Tamén nos fala do centenario da creación do convento, residencia e Colexio das Doroteas en Pontevedra, escenario da miña infancia e parte da miña adolescencia, escrito por J.A. Fernández Arruty que nos dá conta da fundadora da Orde, a relixiosa de orixe italiana Paula Frassinetti. Unha breve recensión



Nodales

do controvertido personaxe pontevedrés Payo Gómez Charino (SXIII), militar, político e trobador, con sepulcro a carón do altar maior da igrexa de San Francisco, é o que nos conta Javier Yuste. As netas de Ignacio García Otero, “El Bujías”, que viviu a cabalo dos séculos XIX e XX, Josefa e M<sup>a</sup> del Carmen achégannos algunhas notas biográficas do seu avó, chamado así porque, sendo patrón de pesca, ía á Coruña a mercar buxías para os barcos de pesca; foi ademais tesoureiro e vicepresidente da Asociación de Mareantes. A prepotencia e poderío do Mosteiro de Poio queda patente no texto de Lino J. Pazos que relata como a barca de pasaxe de Poio á Moureira foi propiedade do mosteiro, ata que no ano 1817 o Gremio de Mareantes ganoulle o preito ao Abade de Poio. Tempo despois, e xa construída a ponte da Barca, seguía habendo servizo de barqueiro. Un veciño da Moureira, coñecido polo nome de “Pla” e membro do Gremio, facía este servizo nunha gamela ata a década dos 90 do século pasado.

Hai uns meses chegou ás miñas mans o N<sup>o</sup> 23, de setembro do 2021, da revista da Asociación de veciños e veciñas de San Roque da cidade de Pontevedra, que celebrou no 2017 os seus 25 anos de existencia. Con moito esforzo e voluntarismo, entre poucas persoas elaboran unha revista anual; entre elas, o meu amigo e escritor José Manuel Ramos maqueta a publicación nestes últimos anos e ademais colabora con artigos, sempre novidosos e con moito rigor, como é o caso neste último número sobre a confusión de identidades entre os dous José Millán, que viviron en Pontevedra polos mesmos anos, a finais do S XIX. Un deles, acreditado director de varios xornais pontevedreses como *El Crónica de Pontevedra* e *La Correspondencia Gallega* e tamén dedicado á literatura; o outro, avogado, funcionario do Estado e aspirante a escritor. Xunto a este curioso traballo podemos atopar os recordos que sobre a “boa vila” e, máis en concreto, sobre os barrios de San Roque e A Moureira nos achegan plumas como Fina Casalderrey, Victor F. Freixanes ou M<sup>a</sup> Dolores Soto Beloso, onde se mestura o barrio e o seu río, o Léz, tan presente en todo o que teña que ver coa cidade. Tamén retrincos da historia de Pontevedra, como o artigo de José M. Pidre Novás, “Peche e traslado da Igrexa de San Bartolomé o Vello”, realizado definitivamente no ano 1836, espazo posteriormente ocupado polo Liceo Casino da cidade e polo Teatro Principal; ou “Mujeres armadoras en la Pontevedra del S XIX” de Leoncio Feijoo Lamas, no que salienta a figura de Dona Florencia Cobián Núñez de Sotomayor, unha das principais fortunas da cidade, considerada unha verdadeira muller armadora, propietaria de dúas lanchas de pesca,



San Roque

un galeón de cabotaxe e un cachemarán, ademais de xestionar outros negocios empresariais como unha fábrica de curtidos na Moureira e unha tenda de téxtis. Todo isto ben aderezado con bos documentos gráficos, tal que a escolma de fotografías do barrio das Corbaceiras, realizadas por Lorenzo Novás na primeira década do S XX. No remate inclúe un comentario realizado por min do último libro de Jose Manuel Ramos “Andrés Muruais. El díscolo bardo del Léz”, de moi recomendable lectura para un mellor coñecemento do acontecer histórico da cidade de Pontevedra, a través da biografía deste ser tan especial, médico de profesión, que desenvolveu unha grande actividade cultural, escribiu prosa, poesía e teatro, fundou e dirixiu xornais, presidiu un orfeón e dinamizou festas populares como os “Juegos Florales” e os “Carnavales”, para os que creou a figura do Urco.

No mes de agosto do pasado ano presentábase o número 24 da revista da Asociación socio-cultural de Léz “Cedofeita”, un número especial posto que festexaba os 25 anos de andaina da asociación. Xaime Iglesias foi o encargado de facer balance e resumo das moitas actividades levadas a cabo, como as 26 exposicións de temática moi variada pero sempre centradas en Léz e a súa xente, case 30 conferencias,


unhas 20 actuacións musicais de diferentes corais e outros grupos, ademais de representacións teatrais, proxección de curtametraxes e documentais, a realización de diferentes roteiros por Lérez e as poboacións limítrofes, viaxes culturais por toda Galicia e norte de Portugal e os 24 números da revista con máis de 120 colaboradores e colaboradoras. Logo, Guillermo Campos deixábanos “O Lérez que xungue, que murmura...”, unha viaxe xeográfica cargada de emotividade polo curso do río Lérez desde o seu nacemento no concello de Forcarei ate Pontevedra, dando conta dos tres mosteiros que se atopa polo camiño: o de Aciveiro, o desaparecido de Tenorio e o de San Salvador. E seguindo co río Lérez como protagonista, José Raposeiras fálanos da Terra de Montes berce de bos músicos: acordeonistas, gaiteiros e pandereteiras. Gaiteiros como Diego de Cana, de Pardosa (S XVII), Avelino Cachafeiro, O Gaiteiro de Soutelo, do cal cúmprese agora 50 anos do seu pasamento, ata o mozo Rubén Troitiño gaiteiro e compositor de sona. Acordeonistas como os irmáns Avelino e Francisco Firvida, da familia do Gaiteiro de Soutelo; e pandeireteiras como as de Barro de Arén.

Cambiando de tema, Mateo Fontán descúbrenos que o coñecido xogador de fútbol do Atlético de Madrid e logo do Racing de Santander, Ufarte, comezou dando os seus primeiros balonzos no Petit Lérez, de onde pasou ao Xuvenil Pontevedra C.F. Unha testemuña viva dos tempos duros da Guerra Civil e da posguerra, Aderita, a centenaria de Couso, é entrevistada por Xosé L. Estévez e Xaime Iglesias. Interessante documento dos anos da fame e dos traballos das mulleres: andando a mariscar a Praceres ou a mercar peixe na lonxa de Marín, para logo vender por Lérez e arredores; “morrillando” (facendo grava) para as estradas ou plantando piñeiros no monte cando se eliminou o pasto. E no pouco tempo que quedaba para o lecer, ir de baile ao de Sanmartín ou ao de Ruibal en Xeve ou ao do Chosco en Lérez.

Á importancia do Mosteiro de San Salvador dedica un artigo Milagros Bará ao lembrar que foi visitado polo arcebispo de Santiago, Diego Xelmirez, no ano 1113; que o tamén arcebispo de Santiago, Alonso I de Fonseca, foi esconderse alí a finais do S XV e que o erudito e escritor, o frade Benito Gerónimo Feijoo, pasou alí varios anos e sitúa nese espazo un dos milagres de San Bieito. No S XIX desenvólvese o curioso episodio que nos relata Jose Manuel Ramos co gallo da denuncia por plaxio que Manuel Murguía atribúe ao escritor pontevedrés Jesús Muruais, na súa obra *Un libro in folio* (1874) con respecto ao autor francés, Jules Janin, e *Le livre* (1870). Acusación da que sae bastante ben Jesús Muruais,

pero que experimenta na súa persoa o que lles fixo pasar polo mesmo motivo a outros autores como Leopoldo Alas “Clarín” ou a Pedro A. de Alarcón. Remata este breve paseo polo número 24 da revista Cedofeita coñecendo os ingresos e gastos do Concello de Alba, a mediados do S XIX, co artigo de Pepe Álvarez “O que nos contan as contas”, porque certamente esas contas fálanos moito da vida daqueles anos: entre outras curiosidades, que chegou a haber 5 escolas no municipio, que o arranxo dos camiños facíase con traballo comunitario pero os materiais pagáboas o concello, como tamén pagou o cal vivo para botarlle aos edificios no ano do cólera (1854), que era preciso contribuír aos gastos do Cárcere do Partido en Pontevedra, pero que tamén existía un Depósito Municipal en Alba e o concello asumía os gastos das familias de presos necesitadas, ata o gasto que ocasionaban os casamentos da Casa Real ou o paso de membros da realeza polo territorio municipal coa obrigada compra de foguetes, alumeados e decoración especiais.

Velaí unha pequena mostra do traballo discreto, pero enraizado na veciñanza, das publicacións locais.



Cedofeita